



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALLEGAS DE CUBA PARA O MANTEMENTO DA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN CUBA E DOS PUNTOS DE INFORMACIÓN PROVINCIAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Federación de Sociedades Gallegas de Cuba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para articular o financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Información da Federación de Sociedades Gallega de Cuba ubicada na súa propia sede e dos puntos de información ubicados noutras provincias de Cuba.

A dita oficina ten como finalidade a realización de actividades de información, difusión e asesoramento á colectividade galega de programas e actuacións desenvolvidos a prol dos galegos residentes no exterior.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Federación de Sociedades Gallegas de Cuba é unha entidade que agrupa a un total de corenta e seis sociedades galegas. Dispón de importantes instalacións, constituíndo o





centro galego máis importante de Cuba, tanto polo número de persoas que acolle como polos programas de todo tipo que realiza en favor dos emigrantes galegos e dos seus descendentes. A súa sede social está situada no Palacio do antigo Centro Gallego de La Habana, no Paseo de Martí, 458 – (San Rafael e San Xosé). Dentro desa liña está a desenvolver unha importante política social a favor dos emigrantes galegos e dos seus descendentes. Así mesmo, dado o incremento producido no último ano dos galegos residentes en Cuba fíxose necesario que a labor desenvolvida pola oficina de información de Cuba con sede na Habana se estendera a outros puntos da xeografía cubana permitindo así prestar un servizo de calidade e proximidade á galeguidade residente en Cuba, así como o desenvolvemento de actividades que contribúan a manter e reforzar os vínculos coa galeguidade cubana e a difusión do noso patrimonio cultural e artístico en toda Cuba.

Ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Federación de Sociedades Gallegas de Cuba, de data 6 de xuño de 2007, creouse unha oficina de información e asesoramento que está en funcionamento desde aquela data ata 2016, inclusive, polo que se estima por ambas partes a necesidade de dar continuidade aos servizos de información e asesoramento que esta entidade vén prestando a todos os integrantes da comunidade galega residente en Cuba.

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente convenio para articular o financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Información da Federación de Sociedades Gallega de Cuba ubicada na súa propia sede e dos puntos de información ubicados noutras provincias de Cuba.

A dita oficina ten como finalidade a realización de actividades de información, difusión e asesoramento á colectividade galega de programas e actuacións desenvolvidos a prol dos galegos residentes no exterior.

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará sesenta mil euros (60.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria





04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2017.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

Basquiños, 2

15704 Santiago de Compostela

Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296

<http://emigracion.xunta.es>

galicia

